

UNIDADE 3: ANTROPOLOXÍA OD. A SOCIEDADE E A SOCIALIZACIÓN

1. SOCIEDADE E CULTURA

Natureza e sociedade

Diversidade cultural

Discriminación

2. ORIXE SOCIAL DO SER HUMANO

Socialización

Orixe e evolución da sociedade

Modernidade

Comunicación

ANEXO: A EVOLUCIÓN SOCIAL

SECCIÓN A: TEXTOS

I. ARISTÓTELES; *Política*, Gredos, Madrid, 1988, 1252b-1253a:

La comunidad constituida naturalmente para la vida de cada día es la casa [...]. Y la primera comunidad formada de varias casas a causa de las necesidades no cotidianas es la aldea.

Precisamente la aldea en su forma natural parece ser una colonia de la casa, y algunos llaman a sus miembros «hermanos de leche», «hijos e hijos de hijos». Por eso también al principio las ciudades estaban gobernadas por reyes, como todavía hoy los bárbaros: resultaron de la unión de personas sometidas a reyes, ya que toda casa está regida por el más anciano, y, por lo tanto, también las colonias a causa de su parentesco [...].

La comunidad perfecta de varias aldeas es la ciudad, que tiene ya, por así decirlo, el nivel más alto de autosuficiencia, que nació a causa de las necesidades de la vida, pero subsiste para el vivir bien. [...]

De todo esto es evidente que la ciudad es una de las cosas naturales, y que el hombre es por naturaleza un animal social, y que el insocial por naturaleza y no por azar es o un ser inferior o un ser superior al hombre [...].

La razón por la cual el hombre es un ser social, más que cualquier abeja y que cualquier animal gregario, es evidente: la naturaleza, como decimos, no hace nada en vano, y el hombre es el único animal que tiene palabra. Pues la voz es signo del dolor y del placer, y por eso la poseen también los demás animales, porque su naturaleza llega hasta tener sensación de dolor y de placer e indicársela unos a otros. Pero la palabra es para manifestar lo conveniente y lo perjudicial, así como lo justo y lo injusto. Y esto es lo propio del hombre frente a los demás animales: poseer, él sólo, el sentido del bien y del mal, de lo justo y de lo injusto, y de los demás valores, y la participación comunitaria de estas cosas constituye la casa y la ciudad.

II. HITLER, Adolf; *Mi lucha*, cap. XI:

Toda mezcla de sangre aria con la de pueblos inferiores tuvo por resultado la ruina de la raza de cultura superior. La América del Norte, cuya población se compone en su mayor parte de elementos germanos, que se mezclaron sólo en mínima escala con los pueblos de color, racialmente inferiores, representa un mundo étnico y una civilización diferentes de lo que son los pueblos de la América Central y la del Sur, países en los cuales los emigrantes, principalmente de origen latino, se mezclaron en gran escala con los elementos aborígenes. Este solo ejemplo permite claramente darse cuenta del efecto producido por la mezcla de razas. El elemento germano de la América del Norte, que racialmente conservó su pureza, se ha convertido en el señor del Continente americano y mantendrá esa posición mientras no caiga en la ignominia de mezclar su sangre.

Todo cuanto hoy admiramos -ciencia y arte, técnica e inventos- no es otra cosa que el producto de la actividad creadora de un número reducido de pueblos y quizá, en sus orígenes, de un solo pueblo. Todas las grandes culturas del pasado cayeron en la decadencia debido sencillamente a que la raza de la cual habían surgido envenenó su sangre.

III. KING, Martin Luther; *"I have a dream"* (traducción do discurso pronunciado o 28 de agosto de 1963):

Estou feliz de unir-me a vostedes hoxe no que quedará na historia como a maior manifestación pola liberdade na historia da nosa nación.

Hai anos, un grande americano, baixo cuxa sombra simbólica nos atopamos, asinou a Proclama de Emancipación. Este importante decreto converteuse nun gran faro de esperanza para millóns de escravos negros que foron cociñados nas chamas da inxustiza. [...]

Pero cen años despois, debemos enfrontar o feito trágico de que o negro aínda non é libre. Cen anos despois, a vida do negro é aínda minada polos ferros da discriminación. Cen anos despois, o negro vive nunha solitaria illa de pobreza no medio dun vasto océano de prosperidade material. Cen anos despois, o negro aínda esmorece nos recantos da sociedade estadounidense e atópase a si mesmo exiliado na súa propia terra. [...]

Cando os arquitectos da nosa república escribiron as magníficas palabras da Constitución e a Declaración da Independencia, asinaban unha promisorio nota [...] de que todos os homes terían garantidos os dereitos inalienables de "Vida, Liberdade e a busca da Felicidade".

É obvio hoxe que Estados Unidos fallou na súa promesa no que respecta ós seus cidadáns de cor. [...] Agora é o momento de nos erguer do escuro e desolado val da segregación cara ó iluminado camiño da xustiza racial.

Non haberá nin descanso nin tranquilidade nos Estados Unidos ata que o negro teña garantidos os seus dereitos de cidadán. Os remuíños da revolta

continuarán sacudindo os alicerces da nosa nación ata que amaneza o esplendoroso día da xustiza.

Pero hai algo que debo dicir á miña xente [...]. Non debemos permitir que a nosa protesta creativa dexenere na violencia física. Unha e outra vez debemos elevarnos ás maxestosas alturas da resistencia á forza física coa forza da alma.

Existen aqueles que preguntan a quen apoia a loita polos dereitos civís: "Cando quedarán satisfeitos?" Nunca estaremos satisfeitos mentres o negro sexa vítima dos inimaxinables horrores da brutalidade policial.

Eu teño un soño: que un día esta nación se erguerá e vivirá o verdadeiro significado do seu credo. Creemos que estas verdades son evidentes: que todos os homes son creados iguais.

Eu teño un soño: que un día nos rubios outeiros de Georgia os fillos dos antigos escravos e os fillos dos antigos propietarios de escravos serán capaces de sentar xuntos na mesa da fraternidade. [...]

Eu teño un soño: que os meus catro fillos pequenos vivirán un día nunha nación onde non serán xulgados pola cor da súa pel, senón polos trazos do seu carácter. [...]

Esta é a nosa esperanza. Esta é a fe coa que regresarei ó sur. Con esta fe seremos capaces de esculpir, na montaña da desesperación, unha pedra de esperanza.

Con esta fe seremos capaces de transformar as discordancias da nosa nación nunha fermosa sinfonía de fraternidade. Con esta fe seremos capaces de traballar xuntos, de rezar xuntos, de loitar xuntos, de ir á cadea xuntos, de loitar pola nosa liberdade xuntos, coa certeza de que un día seremos libres.

IV. ROUSSEAU, Jean-Jacques; *Contrato social*, Espasa-Calpe, Madrid, 1968, pp. 15-16:

Estas cláusulas, debidamente entendidas, se reducen todas a una sola: la enajenación total de cada asociado con todos sus derechos a toda la comunidad; porque, en primer lugar, dándose cada uno por entero, la condición es la misma para todos, y siendo la condición igual para todos, nadie tiene interés en hacerla onerosa a los demás. [...]

En fin, dándose cada cual a todos, no se da a nadie, y como no hay un asociado, sobre quien no se adquiriera el mismo derecho que se le concede sobre sí, se gana el equivalente de todo lo que se pierde y más fuerza para conservar lo que se tiene.

Por tanto, si se elimina del pacto social lo que no le es de esencia, nos encontramos con que se reduce a los términos siguientes: "Cada uno de nosotros pone en común su persona y todo su poder bajo la suprema dirección de la voluntad general, y nosotros recibimos además a cada miembro como parte indivisible del todo".

Este acto produce inmediatamente, en vez de la persona particular de cada contratante, un cuerpo moral y colectivo, compuesto de tantos miembros como votos tiene la asamblea, el cual recibe de este mismo acto su unidad, su yo común, su vida y su voluntad. Esta persona pública que así se forma, por la unión de todos los demás, tomaba en otro tiempo el nombre de ciudad y toma ahora el de república o de cuerpo político, que es llamado por sus miembros Estado, cuando es pasivo; soberano, cuando es activo; poder, al compararlo a sus semejantes; respecto a los asociados, toman colectivamente el nombre de pueblo, y se llaman en particular ciudadanos, en cuanto son participantes de la autoridad soberana, y súbditos, en cuanto sometidos a las leyes del Estado.

V. HOBBS, Thomas; *Leviatán* (extractos dos caps. XIV e XVII):

A condición do home [...] é unha condición de guerra de todos contra todos, na cal cada un está gobernado pola súa propia razón, non existindo nada do que poida facer uso que non lle sirva de instrumento para protexer a súa vida contra os seus inimigos. De aquí dedúcese que, en semellante condición, cada home ten dereito a facer calquera cousa, mesmo no corpo dos demais. E, polo tanto, mentres persiste ese dereito natural de cadaquén con respecto a todas as cousas, non pode haber seguridade para ninguén (por forte ou sabio que sexa) de existir durante todo o tempo que ordinariamente a natureza permite vivir ós homes. De aquí resulta un precepto ou regra xeral da razón, en virtude da cal cada home debe esforzarse pola paz, mentres ten a esperanza de lograla; e cando non pode obtela, debe buscar e utilizar todas as axudas e vantaxes da guerra. A primeira fase desta regra contén a lei primeira e fundamental da natureza, a saber: buscar a paz e seguila; a segunda, a execución do dereito natural, é dicir: defendernos a nós mesmos, por todos os medios posibles. [...]

A causa final, fin ou designio dos homes (que por natureza aman a liberdade e o dominio sobre os demais) ó introducir esta restrición sobre si mesmos (na que os vemos vivir formando Estados) é o coidado da súa propia conservación e, a maiores, o logro dunha vida máis harmónica; é dicir, o desexo de abandonar esa miserable condición de guerra que, tal como indicamos antes, é consecuencia necesaria das paixóns naturais dos homes, cando non existe poder visible que os manteña dentro duns límites e os someta, por temor ó castigo, á realización dos seus pactos e á observancia das leis da natureza.

VI. LOCKE, John; *Segundo ensaio sobre o goberno civil*, cap. IX:

Se o home no seu estado de natureza é tan libre [...], señor absoluto da súa persoa e posesións, [...] por que abandonará a súa liberdade e ese imperio, e se someterá ó dominio e dirección de calquera outro poder? Pois iso ten obvia resposta: malia que no estado de natureza lle valera tal dereito, resultaba o seu goce [...] exposto a que o invadiran os demais; porque sendo todos tan reis coma el e cada home o seu igual, [...] o goce de bens nese estado é moi inestable [...]. E

iso faille desexar abandonar unha condición que, aínda que libre, está chea de temores e continuados perigos; e non sen razón busca e únese en sociedade con outros xa reunidos, ou desexosos de facelo para esa mutua preservación das súas vidas, liberdades e posesións [...].

Así, o fin maior e principal dos homes que se unen en comunidades políticas e se poñen baixo o goberno delas, é a preservación da súa propiedade; e para este obxecto faltan no estado de natureza diversos requisitos.

En primeiro lugar, falta unha lei coñecida, fixa, promulgada, recibida e autorizada por común consentimento como modelo de ben e mal, e medidas comúns para resolver calquera controversia que entre eles se desen. [...]

En segundo lugar, falta no estado de natureza un xuíz coñecido e imparcial, con autoridade para determinar todas as diferenzas segundo a lei establecida. Porque en tal estado, sendo cadaquén xuíz e executor da lei natural, co parciais que son os homes no que lles afecta, poden deixarse levar demasiado pola ira e a vinganza [...].

En terceiro lugar, no estado de natureza falta decote o poder que sosteña e asista a sentenza, se esta fose xusta, e lle dea oportuna execución. Os ofendidos por algunha inxustiza poucas veces cederán cando pola forza poden vingarse da inxustiza sufrida. [...].

Pero aínda que os homes, ó entrar en sociedade, abandonen en mans desta a igualdade, liberdade e poder executivo que tiveron en estado de natureza, [...] o poder social ou lexislativo [...] xamais poderá ser imaxinado como algo que vaia máis alá do bien común; pola contra, estará obrigado especificamente a asegurar a propiedade de cadaquén [...]. E así, sexa quen for aquel a quen corresponda o poder supremo ou lexislativo de calquera nación, estará obrigado a gobernar por leis establecidas, promulgadas e coñecidas da xente, e non mediante decretos extemporáneos; con xuíces rectos e imparciais que nas liortas decidan por tales leis; e usando a forza da comunidade, dentro dos seus límites [...]. Todo isto, ademais, sen outra meta que a paz, seguridade e ben público dos habitantes.

VII. BACON, Francis; *Novum Organum* (aforismos extraídos do Libro I):

12. A lóxica que se adoita usar hoxe en día é máis propia para conservar e perpetuar os erros que se dan nas nocións vulgares que para descubrir a verdade. Deste xeito, é máis prexudicial que útil.

19. Nin hai nin pode haber máis que dúas vías para a investigación e descubrimento da verdade: unha que, partindo da experiencia e dos feitos, se remonte decontado ós principios máis xerais, e en virtude deses principios que adquiren unha autoridade incontestable, xulgue e estableza as leis secundarias [...], e outra que da experiencia e dos feitos deduza as leis, elevándose

progresivamente e sen sacudidas ata os principios máis xerais que alcance en último termo. Esta é a verdadeira vía; pero xamais se puxo en práctica.

36. O único medio de que dispoñemos para facer apreciar os nosos pensamentos é o de dirixir as intelixencias cara ó estudo dos feitos, das súas series y das súas ordes, e obter delas que por algún tempo renuncién ó uso das nocións e comecen a practicar a realidade.

VIII. DAVIS, Flora; *La comunicación no verbal*, Alianza Editorial, Madrid, 1976 (extracto do capítulo II):

Desde el momento en que nace un bebé, le hacemos saber, de mil maneras sutiles y no verbales, que es un varón o una niña. La mayoría de las personas sostiene en brazos a las niñas y a los varones en forma diferente. En nuestra sociedad y aun a muy tierna edad, los varones suelen estar sujetos a un trato más brusco.

Cada vez que un niño actúa en la forma que concuerda con nuestras convicciones respecto de cómo debe proceder un varón, halagamos su comportamiento. Este halago puede ser algo tan sutil como la inflexión del tono de la voz o la fugaz expresión de aprobación en el rostro; también puede ser verbal y específico (indulgente: "Así hacen los varones...").

De igual manera halagamos a las niñas cuando muestran gestos eminentemente femeninos. Podremos no retar a los varones por querer jugar a las muñecas, pero rara vez los alentamos para que lo hagan. Tal vez la total ausencia de respuesta —la falta de vibraciones positivas— le haga saber al niño que está haciendo algo que los varones no deben hacer.

SECCIÓN B: EJERCICIOS

1. Sinala as palabras clave dos textos I, IV, V, VI e VII. A seguir, expresa en frases curtas as ideas principais de cada un deles. Finalmente, elabora unha breve redacción que recolla esas ideas principais, ademais do punto de vista do autor, empregando sobre todo vocabulario propio.
2. Compara as ideas que defenden os textos II e III e identifica aquelas coas que máis de podes identificar. A seguir, comparte os teus pensamentos coa clase.
3. En relación co texto VIII, pareceche que o que describe responde á realidade actual? Razoa a resposta.
4. Recomendacións de visionado:

-[Arde Mississippi](#) (Mississippi Burning, Alan Parker, 1988)



-[Primera plana](#) (The Front Page, Billy Wilder, 1974).

SECCIÓN C: IDEAS PARA RETER

1. SOCIEDADE E CULTURA

A) NATUREZA E SOCIEDADE

Desde a Antigüidade existe a conciencia clara de que o ser humano, para o seu desenvolvemento pleno, precisa vivir en sociedade. O estado do ser humano previo a vivir en sociedade chámase **estado de natureza**, aínda que é probable que ese estado nunca existise como tal: acéptase que a nosa especie viviu nalgunha forma de sociedade desde o primeiro momento da súa existencia. E cando o ser humano vive en sociedade, é capaz de crear **cultura**: un todo complexo que inclúe os coñecementos, as crenzas, a arte, a moral, o dereito, os costumes e calquera outro hábito e capacidade adquiridos. A disciplina que se dedica a estudar a cultura humana, ou sexa, as distintas formas e manifestacións da vida da nosa especie, é a **antropoloxía cultural**.

A cultura permite que os membros dunha sociedade leven unha vida máis fácil, facendo que se adapten mellor ó contorno, e permitíndolles aproveitar os recursos que lles ofrece. Ademais, dota as persoas dun sentimento de pertenza a unha comunidade, que dá un sentido á súa existencia e infunde nelas a idea dun mundo predicible e, polo tanto, cómodo.

A cultura ten dúas manifestacións: a **material** ou **manifesta** (as creacións técnicas e artísticas do ser humano) e a **interior** ou **mental** (as crenzas, valores, vivencias, actitudes e normas). Desde este punto de vista, adóitanse citar cinco elementos que diferencian unhas culturas doutras: **historia, relixión, valores ou guías de conduta, organización social e linguaxe e signos culturais**.

Todas as culturas comparten as seguintes características: son **aprendidas** (transmítense por observación e imitación), **compartidas** por todos os seus membros, **simbólicas** (as persoas recoñecen como propios dunha cultura un mesmo idioma, ademais de xestos, vestidos, danzas, contos, obxectos, bandeiras, etc.) e **dinámicas** (cambian e evolucionan ó longo do tempo, e están en contacto unhas con outras).

Cómpre distinguir entre cultura e **civilización**, aínda que ás veces as dúas palabras se empregan de xeito indistinto para referirse á mesma realidade. Propiamente, a civilización constitúe a parte material da cultura, o coñecemento técnico e práctico, así como os instrumentos de traballo para a satisfacción das necesidades básicas.

B) DIVERSIDADE CULTURAL

En todo o planeta hai unha **gran variedade de culturas**, que ademais manteñen contacto: iso fai case imposible que unha cultura se conserve pura e homxénea, pois sempre incorpora elementos e influencias doutras. E tamén é certo que cando varias culturas comparten un mesmo espazo, case sempre aparece unha delas como dominante ou maioritaria. Tamén pode ocorrer que unha mesma cultura presente distintas manifestacións dentro de grupos

determinados. Son o que chamamos **subculturas**: as variedades rexionais (tradicións, dietas gastronómicas, celebracións...), as diferenzas de clase ou as tribos urbanas son exemplos válidos.

A coexistencia de diversas culturas nun mesmo espazo é un fenómeno habitual hoxe en día, que se ve impulsado polo feito da **inmigración**. Os desprazamentos masivos de poboación téñense dado ó longo da historia, pero a partir da segunda metade do s. XX víronse intensificados, sendo os principais destinos as grandes metrópoles de América do Norte e mais Europa.

A presenza de inmigrantes provoca rexeitamento en moitos membros da cultura maioritaria nun lugar concreto. Esa reacción é denominada **etnocentrismo**: a consideración de que a cultura propia é superior ás demais porque ten unha concepción do mundo máis evolucionada e acertada.

As sociedades adoitan enfrontarse á pluralidade cultural de tres formas distintas:

-**multiculturalidade**: as distintas culturas comparten o espazo, pero non se misturan entre si, senón que manteñen zonas monoculturais delimitadas. É o caso dos barrios chineses, indios, italianos nas grandes cidades de EE.UU., ou o das *banlieues* francesas.

-**interculturalidade**: o espazo compártese, e ademais as culturas mistúranse entre si, convivindo e realizando as tarefas diarias sen delimitar espazos propios.

-**integración**: os inmigrantes abandonan a súa propia cultura e adoptan a cultura receptora, de xeito que a medio e longo prazo son asimilados.

C) DISCRIMINACIÓN

Polo común, o etnocentrismo dá lugar á aparición de falsas crenzas sobre características negativas de colectivos ou grupos culturais diferentes ó propio: son os **estereotipos**. Trátase dun mecanismo básico de defensa e autoafirmación do grupo cultural ó que pertencemos. Tamén é habitual que os estereotipos se convirtan en **prexuizos**, cando manifestamos actitudes hostís cara a aqueles que sentimos como diferentes. Quen se deixa levar por eses prexuizos, é doado que caia na **discriminación**: sentirá indiferenza ou tomará actitudes violentas cara á persoa ou persoas discriminadas. Se, como consecuencia da discriminación, os individuos sofren unha forte presión que lles impide exercer nalgunha medida algún dos seus dereitos fundamentais, daquela falamos de **exclusión social**.

2. ORIXE SOCIAL DO SER HUMANO

A) SOCIALIZACIÓN

Os individuos dunha sociedade teñen que ser instruídos para que encaixen nunha determinada cultura. Ese proceso de aprendizaxe chámase **socialización**, dura toda a vida (aínda que a súa fase máis intensa se dá durante a infancia) e lévase a cabo mediante os chamados **axentes da**

socialización: a familia, a escola, as amizades, os medios de comunicación e redes sociais e a publicidade.

Toda cultura ten establecidos uns actos de socialización chamados **ritos de paso**, nos que se escenifica o avance da persoa a través de diferentes fases da vida: a circuncisión (na infancia ou na adolescencia) nalgúñas culturas, a primeira comunión entre os católicos ou as cerimonia de graduación ó termo dunha etapa de escolarización son bos exemplos.

O conxunto de saberes, coñecementos, valores, experiencias, normas, costumes e comportamentos que se van transmitindo de xeración en xeración denomínase **tradición**, que é o que configura a visión do mundo e a vida por parte dunha sociedade determinada.

B) ORIXE E EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE

Non se coñece con exactitude como xurdiron as primeiras sociedades, aínda que hai acordo en que foi un paso máis dentro da nosa evolución como especie, e en que debeu producirse un progreso dunhas formas simples a outras máis complexas. Talvez o factor desencadeante foi a necesidade de dividir o traballo entre os membros do grupo para aproveitar mellor os recursos naturais.

As disciplinas da antropoloxía e a arqueoloxía axudan a establecer as características das sociedades humanas ó longo do tempo, nunha evolución na que entran en xogo catro elementos:

- a **organización económica:** sistematización das actividades para lograr unha mellor adaptación ó medio e, en consecuencia, a supervivencia do grupo.

- a **organización política:** sistema de reparto de tarefas e privilexios para a actividade económica e cultural.

- a **técnica e a ciencia:** conxunto de accións orientadas á obtención de obxectos e ferramentas con vistas a un mellor aproveitamento do contorno.

- a **relixión:** conxunto de crenzas que explican e dotan de sentido as accións da sociedade e a súa organización.

C) MODERNIDADE

En Europa Occidental, a finais da Idade Media entrou en crise o sistema feudal, baseado na autoridade dos nobres sobre pequenos territorios en competencia coas aspiracións de dominio dos reis. O incremento dos intercambios comerciais fixo aparecer unha clase social que pouco a pouco conseguiu poder e influencia grazas á acumulación de capital: a **burguesía**. As monarquías europeas aliáronse con ela para combater a posición de privilexio da nobreza.

De xeito paralelo, xurdiu unha nova mentalidade, que abría a porta a un intenso interese polo ser humano e todo o que ten que ver con el: entramos na **modernidade**, unha época que durará ata a Revolución Francesa (1789). A partir de aí, o xeito de ver o mundo propio da modernidade consolidarase, dando lugar ás sociedades capitalistas industriais, nun modelo que durará ata

o final da II Guerra Mundial (1945). Despois dese ano a modernidade expórtase desde Europa e Norteamérica a todas partes do mundo, nun proceso globalizador.

Os ámbitos nos que a modernidade supuxo un cambio fronte ó anterior son os seguintes:

-político: aparecen os Estados nacionais (en réxime de monarquía absoluta, maiormente) e rexéitase a idea medieval dunha cristiandade universal.

-relixioso: a Reforma de Lutero acaba coa unidade de fe dos cristiáns de Europa Occidental, ruptura á que contribuíu a declaración de independencia da Igrexa de Inglaterra respecto do papa de Roma.

-económico e social: o descubrimento de América impulsa os intercambios comerciais, que tamén favorecen a aparición do capitalismo mercantil. O diñeiro, en mans da burguesía, substitúe a propiedade da terra (propia da nobreza) como factor indicador de riqueza, poder e influencia.

-cultural e científico: a corrente filosófica dominante será o **humanismo**, que pón o ser humano no centro do interese de toda clase de estudos e disciplinas. Isto dá un forte pulo á invención de novos aparellos e técnicas: desenvólvese a cartografía, invéntase a agulla de marear, a imprenta, descóbrese a pólvora, afírmase a astronomía heliocentrista e comeza a configurarse o método científico, baseado na experimentación e na observación da natureza.

-filosófico: concíbese o espazo como algo infinito, sen límites, imponse a idea de que a humanidade está en progreso constante cara á unha mellor condición, e asúmese a idea da liberdade individual.

D) COMUNICACIÓN

A modernidade trouxo tamén consigo un imparable **avance das comunicacións**, e isto modificou tamén o concepto que cada individuo ten de si mesmo e dos demais, pois a comunicación permítelle reunir información, satisfacer a necesidade de relacións sociais, establecer a identidade persoal e influír no resto das persoas.

A comunicación é un proceso **dinámico**, en constante cambio, opera moitas veces **a través de símbolos**, e ten **características diversas dependendo do contexto** no que nos atopemos (os eructos considéranse de mala educación nunhas culturas e boa noutras, por exemplo).

Aínda que a palabra adoita ser a gran protagonista da comunicación, existe tamén a **comunicación non verbal**: acenos, posturas corporais, a mirada... e mesmo a **distancia entre persoas**, que non ten o mesmo valor en todas as culturas.

ANEXO: A EVOLUCIÓN SOCIAL

Para este apartado, debes servirte da presentación do mesmo título, dispoñible na Aula Virtual.

